

PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
A CORUÑA

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
 - 2.1.CONTEXTO DE CENTRO
 - 2.2.CONTEXTO LEGAL
3. OBXECTIVOS
 - 3.1.OBXECTIVOS XERAIS
 - 3.2.OBXECTIVOS REFERIDOS AO CENTRO
 - 3.3.OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO
 - 3.4.OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO
 - 3.5.OBXECTIVOS REFERIDOS Á COMUNIDADE
4. DEFINICIÓN E PLANIFICACIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS
5. ESTRATEXIAS XERAIS DE INTERVENCIÓN
6. AVALIACIÓN DO PLAN.

1.INTRODUCCIÓN

O Departamento de Orientación é concebido como unha unidade orgánica e funcional de participación e coordinación que terá como labor fundamental potenciar a acción titorial e de orientación. Os obxectivos propostos terán como base: a **convivencia** e o **respecto** no ámbito escolar, bases da INCLUSIÓN; a **tolerancia** que fai posible a aceptación dos dereitos que todos/as temos; e a **axuda** que favoreza a integración e o desenvolvemento individual e social de cada individuo.

Superada a concepción da orientación como unha axuda externa puntual, concebimos esta como un conxunto de actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e integradas no contexto no que este se desenvolve.

Nesta liña, buscamos unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnos, profesores e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, contribuíndo á mellora da calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe.

A orientación é un deber compartido por todos os mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcando uns obxectivos a partir da análise da realidade, programando actuacións concretas, deseñando estratexias específicas e organizando os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula a medio e longo prazo as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Pero esta planificación debe integrarse na actividade e estrutura xeral do centro. O Plan de Orientación conforma, pois, un epígrafe do PEC como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción titorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica

2.XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1.CONTEXTO LEGAL (Lexislación específica)

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril).

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade de Galicia (DOG do 31 de xullo).

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.

2.2.CONTEXTO DE CENTRO

As características socio-económicas e culturais do noso alumnado e as académicas do noso centro están recollidas no PEC. O centro ten 27 unidades de educación infantil e primaria e unha unidade de Educación Especial.

O Departamento de Orientación do CEIP Emilia Pardo Bazán conta cunha orientadora que exerce a xefatura deste, está adscrito ao departamento de orientación do IES Salvador de Madariaga e o seu ámbito de actuación é o propio colexio. Forman parte do D.O a xefatura de estudos, os coordinadores de ciclo, o profesorado de PT e AL e a Xefa do Departamento.

3. OBXECTIVOS DO PLAN

3.1.OBXECTIVOS XERAIS

- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa, para que nos distintos documentos e actuacións do centro se contemple a atención á diversidade , favorecendo o desenvolvemento de actitudes positivas.
- Promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Estimular a competencia persoal e social do alumnado
- Fomentar, desenvolver e profundizar na acción tutorial do profesorado, familia e alumnado, proporcionando asesoramento e axuda.
- Asesorar nas decisións relativas á avaliación do alumnado, en particular no tocante á promoción de curso e de Etapa.
- Contribuír a fomentar as relacións positivas coa comunidade (pais/nais, servizos externos, entidades privadas...).
- Continuar a ampliación e organización do D.O. dende o punto de vista material (Cuestionarios-tests, material escolar e de reforzo, bibliografía específica, ...)

3.2.Objectivos referidos ao Centro:

- Elaborar e/ou actualizar os documentos do D.O: Plan de Orientación, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Acción tutorial, Plans de Acolida .
- Revisar e/ou actualizar os protocolos: derivacións, consentimento das familias para a intervención, para o intercambio de información con entidades externas, etc.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa e cooperar coa comunidade educativa (Equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA,..) favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación dos equipos docentes de nivel, entre os titores no cambio de nivel e no paso de EI a EP; así mesmo, no paso de EP a Secundaria.
- Fomentar a cooperación Centro-familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
Asesorar en temas relacionados coa avaliación e promoción do alumnado.

3.3.Objectivos referidos ao alumnado:

- Realizar avaliacións e Informe psicopedagóxico ao alumnado obxecto de Reforzo e/ou A.C., por déficit ou sobredotación.
- Facer un seguimento dos alumnos/as con Informe Psicopedagóxico e actualizar os mesmos, cando proceda.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares.

- Coordinar a atención ás n.e.a.e. cos profesores de P.T., A.L., cos equipos docentes e Xefatura de Estudos.
- Fomentar o respecto, a non violencia, o diálogo e os acordos consensuados.
- Proporcionar canles de participación do alumnado para facer propostas que redunden nunha maior implicación e responsabilidade dos nenos e nenas na vida do centro.
- Incidir na detección temperá das necesidades do alumnado, deseñando e promovendo accións dirixidas á prevención de dificultades do desenvolvemento e da aprendizaxe do alumnado, (prioridade: 1º-2º curso de E.P. E .I.)
- Participar nas sesións de avaliación do alumnado en xeral e en particular dos de n.e.a.e., incidindo na adecuación da mesma.
- Elaborar Informes de Final de Etapa para alumnos/as con n.e.a.e.
- Establecer criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Colaborar no traballo relacionado co absentismo escolar do alumnado reincidente.
- Promover a incorporación de alumnado con diferentes necesidades específicas, especialmente alumnado con NEEs, ao grupo de teatro interaulas, como recurso para fomentar a inclusión e o desenvolvemento de competencias.

3.4.Obxectivos referidos ao profesorado:

- Coordinar a actuación dos profesores titores, profesorado de apoio e a orientadora, de cara a dar respostas ás necesidades do alumnado con NEAE.
- Asesorar ao profesorado en aspectos preventivos, de recuperación e desenvolvemento dos alumnos/as.
- Informar sobre temas que inciden e/ou condicionan o desenvolvemento e aprendizaxe (TEA, Asperger, TEL, TDAH, Dislexia, problemas de comportamento...). Propostas de actuación e de adaptación.
- Proporcionar información, actividades e alternativas dirixidas á xestión de emocións e “frustración”.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre medios materiais, didácticos e metodolóxicos que poidan favorecer o seu labor docente e o proceso de aprendizaxe dos alumnos.
Colaborar na elaboración, organización e seguimento dos programas de reforzo, recuperación e adaptacións curriculares.

3.5.Obxectivos referidos á comunidade :

- Coordinar a intervención do D.O. coas distintas institucións e cos profesionais que traballen na atención aos alumnos/as con n.e.a.e.: familias, EOE, Servizos Sociais do Concello, Consellería de Familia, Atención Temperá, médicos, psicólogos, terapeutas...
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos sinalados.
- Establecer contactos coas familias de forma individual e/ou grupal, a fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para orientar aos alumnos/as nos momentos escolares de maior dificultade (entrada na escola, cambio de Etapa e de Nivel).
- Contribuír á boa relación e coordinación co D.O. do IES que recibe ao alumnado

do centro, para lograr unha liña de actuación conxunta.

4.DEFINICIÓN E PLANIFICACIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
1.- Diseñar e propoñer accións encamiñadas á prevención e detección de dificultades de desenvolvemento e de aprendizaxe. (Prioridade:5-6-7 anos)	<ul style="list-style-type: none"> -Aplicación de test de probas grupais. Elaboración de conclusións. -Contacto contínuo cos titores/as. -Proposta de traballo aos titores/as. -Reforzo educativo e/ou apoio de P.T., A. L. - Información ás familias 	2º-3º Trimestre
2.- Establecer a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica.	<ul style="list-style-type: none"> -Estudio de casos cos titores/as, prof. de P.T, A.L. e Xefe de Estudos. Elaboración do informe. -Entrevistas coas familias. 	Ao longo de todo o curso
3.-Proporcionar apoio psicopedagóxico e seguimento do alumnado con NEAE	<ul style="list-style-type: none"> -Revisión de informes individualizados. Análise da situación actual. - Medidas de apoio, estratexias metodolóxicas e organizativas. -Avaliar o grao de consecución de obxectivos. 	Ao longo de todo o curso
4.-Asesorar na elaboración de ACS e RE	<ul style="list-style-type: none"> -Asesoramento aos/ás titores/as e mestras/es especialistas no deseño, seguimento e avaliación de ACS e RE. 	Ao longo de todo o curso
5.-Diseñar e implementar programas de aprendizaxe para a solución de conflitos e mellora de habilidades sociais.	<ul style="list-style-type: none"> -Análise das necesidades. -Intervención en casos individuais e grupais. -Elaboración de estratexias. -Desenvolvemento práctico. -Técnicas de traballo. 	Ao longo de todo o curso

<p>6.-Procurar información a mestres e familias para lograr unha implicación máis activa no proceso educativo</p>	<p>-Información sobre apoios e servizos externos. -Reunións, entrevistas: TXD. TEA, TDAH, Dislexia, Altas Capac., Asperger... “Colaboración real” familia-escola.</p>	<p>Ao longo de todo o curso</p>
<p>7.-Propoñer e promover condicións de avaliación adaptadas ao alumnado con NEAE.</p>	<p>-Análise de casos: modo, tempo, presentación.... Adaptacións non significativas. -Propostas de mellora e apoio. -Asistencia ás sesións de avaliación.</p>	<p>Ao longo de todo o curso Fins de trimestre</p>
<p>8.-Establecer canles de colaboración con entidades que contribúan á mellora da práctica educativa.</p>	<p>- Contacto con servizos externos: Servizos Sociais, Pediatras, Saúde Mental, Atención Temperá, EOE, universidade, psicólogos, logopedas...</p>	<p>Ao longo de todo o curso</p>
<p>9.- Completar e poñer en funcionamento o Plan de Acolida Escolar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inicio de E. I. - Cambio de centro - Familias de fóra da comunidade 	<p>-Consensuar acordos. -Elaborar Plan. -Información. -Entrevistas con familias e alumnos. -Contactos cos titores/as. -Coordinación e colaboración cos Servizos Sociais. -Reunión familias (Inicio E.I) - As previstas e recolleitas.</p>	<p>-Ao inicio e ao longo de todo o curso - Final de xuño - Ao longo de todo o curso</p>
<p>10.- Desenvolver o Plan de Acción Titorial</p>	<p>-Contactos cos titores/as. -Reunións coas familias.</p>	
<p>11.-Coordinar cos</p>	<p>-Colaboración co IES Salvador de Madariaga Información sobre alumnado.</p>	<p>-Reunións trimestrais.</p>

Departamentos da zona.	<p>Actividades fin de curso: visita ao centro (3º trimestre), etc.</p> <p>-Reunións e realización de traballos conxuntos.</p> <p>- Intercambio de información e material.</p>	-Ao longo de todo o curso.
12.-Asesorar aos profesores nas situacións concretas de aula.	<p>-Estudo de necesidades.</p> <p>-Intervencións a realizar</p> <p>-Axuda na selección de recursos.</p>	-Ao longo do curso, sobre todo ao inicio e final.
13.- Adquirir material propio de Departamento e de traballo para o profesorado. Inventarialo	<p>-Orzamentos.</p> <p>-Adquisición.</p> <p>-Realización e información ao profesorado</p>	<p>-Ao longo de todo o curso.</p> <p>-Inicio e final de curso</p>
14.- Asesorar e se é posible proporcionar aos titores recursos adaptados ao alumnado con NEAE.	- Adquisición, asesoramento e colaboración na selección de material.	- Ao longo de todo o curso.
15.- Elaborar a proposta do Plan Anual de Departamento, Plan de Atención á Diversidade, Plan de acollida escolar, PAT, Programa de Habilidades e competencia Social. Memoria D.O.	<p>-Reunións e informac.: CCP, D.O. claustro, equipos de docentes de nivel.</p> <p>- Memoria do Plan de O.</p> <p>- Memoria do Plan de atención á diversidade</p>	<p>- Principio de curso</p> <p>- 3º trimestre, final</p>

5. ESTRATEXIAS XERAIS DE INTERVENCIÓN

Para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
- A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- A importancia dos titores como coordinadores dos equipos docentes, coa función de aunar e ordenar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- As especialistas en PT e AL: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- O impulso da orientadora coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,...que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.
- No Plan Xeral de Atención á Diversidade e no Plan de Acción Titorial tamén se establecen as estratexias de intervención neses ámbitos.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumnos, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo. Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente. A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O Plan de Acción Titorial

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores. Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Titorial.

6.AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as

propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

O P.X.O avaliarase durante todo o seu desenvolvemento, a través das revisións dos plans anuais do Centro e das reunións dos diferentes órganos de coordinación docente, así como a través das memorias do D.O. A avaliación permitirá a adaptación e modificación do P.X.O e axustalo ás necesidades cambiantes tanto do centro como do alumnado.

Podemos considerar **criterios de avaliación** os seguintes aspectos:

- Adecuación dos obxectivos segundo os logros acadados.
- Adecuación das actividades e programas realizados.
- Adecuación dos recursos .
- Grado de implicación da comunidade educativa e dos responsables de desenvolver as actividades.
- Adecuación do plano ás necesidades da nosa comunidade educativa. O que se pretende coa avaliación é emitir un xuízo valorativo tanto do deseño como da aplicación do mesmo.

Os **medios** utilizados : abarcaran dende a observación directa, as entrevistas , cuestionarios, análise de documentos, actas de reunións do departamento, intercambios orais, número de demandas recibidas e demandas atendidas, etc.

Temporalización da avaliación. O modelo desenvolverase en tres momentos:

- 1º. Avaliación Inicial do programa: Adecuación dos contidos, medios e recursos. Adecuación ás necesidades e características do Centro.
- 2º. Avaliación dos procesos: Efectividade ¿produce los cambios desexados segundo os obxectivos e criterios establecidos?
- 3º avaliación de resultados.

A partir dos logros acadados con respecto aos criterios especificados , plantexaremos a valoración da continuidade do programa.

APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN